



Confección Intersindical Galega  
GABINETE TÉCNICO DE SAÚDE LABORAL

# Saúde laboral

## Boletín

nº 48

Nº 48 DECEMBER 2023

CIG GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL DE SAÚDE LABORAL

[www.cigsaudelaboral.org](http://www.cigsaudelaboral.org)

### SUMARIO

#### A FONDO

##### IDENTIFICACIÓN DE RISCOS QUÍMICOS NO LUGAR DE TRABAJO

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral



GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL DE  
SAÚDE LABORAL-CIG

##### SÍNTESIS DE ACTIVIDADE 2023

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

EDITA: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

FINANCIADO POR:



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE



Confederación Intersindical Galega



# Identificación de riscos químicos no lugar de traballo

**1.- Concepto básico de Risco Químico. 2.- Tipos de axentes químicos que se atopan con maior frecuencia nos lugares de traballo. 3.- Efectos sobre a saúde dos axentes químicos. Clasificación. 4.-Algúns produtos habituais nos lugares de traballo susceptíbeis de xerar risco químico. 5.-Como identificar as substancias perigosas. Etiquetas e FDS. 6.- PICTOGRAMAS DE PERIGO. 7.- Identificación dos perigos: Ficha de datos de seguridad. 8.- Outras fontes de información. 9.- O Control dos riscos. 10.- Boas prácticas de seguridade química: consellos xerais básicos.**

## 1.- Concepto básico de Risco Químico

Os riscos químicos na contorna laboral son aqueles que se derivan da exposición a substancias químicas perigosas no lugar de traballo. Estes riscos poden ser altamente prexudiciais para a saúde das persoas traballadoras, así como para o medio ambiente.

Para cualificar un risco químico dende o punto de vista da súa gravidade, débense valorar conxuntamente a probabilidade de que se produza o dano e a severidade do mesmo.

A gravidade do risco depende non só da natureza da substancia ou axente químico en cuestión, senón tamén das condicións individuais do traballador/a exposto/a e das características da exposición, as cales están determinadas por factores propios do posto de traballo (tempo de exposición, xeración do axente químico, ventilación, etc.) e das condicións ambientais que poidan favorecer a absorción do tóxico, como a temperatura ambiente ou o esforzo físico que require o traballo.

É imprescindible que as empresas realicen unha avaliación exhaustiva dos postos de traballo co gallo de identificar calquera posibilidade de exposi-

ción perigosa e desenvolver unha estratexia efectiva de control da mesma que, en última instancia, debe incluir a realización dunha vixilancia específica da saúde en función dos produtos aos que as persoas traballadoras poidan estar expostas.

Segundo a Norma de Comunicación de Perigos (HCS) da Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo (EU-OSHA), é importante que os empregados/as sexan conscientes dos riscos e perigos asociados ao seu traballo diario. O recoñecemento dos perigos tamén reduce a posibilidade de expoñerse a produtos químicos perigosos e ás lesións que estes poden provocar.



## 2.- Tipos de axentes químicos que se atopan con maior habitualidade nos lugares de traballo

Aínda que hai varios tipos de perigos químicos que se identificaron de forma xeral, a continuación indícanse os axentes de risco químico que se atopan habitualmente no lugar de traballo:

- **Afixiantes:** son substancias químicas ou gases que poden causar dificultade para respirar, perda de coñecemento ou morte por asfixia.
- **Corrosivos:** son produtos químicos que poden causar graves queimaduras na pel e danos nos tecidos unha vez que se entra en contacto con eles.
- **Irritantes:** estas substancias químicas adoitan provocar arroibamento, sarabullo ou inflamación da zona afectada. Aínda que a presenza dos síntomas adoita ser de curta duración, hai casos nos que crean efectos duradeiros.
- **Sensibilizadores:** as persoas ou os animais expostos a este tipo de substancias químicas desenvolven reaccións alérxicas despois dun tempo considerable ou dunha exposición repetida á substancia química específica.
- **Carcinóxenos:** Os riscos químicos representan unha preocupación significativa nas contornas laborais, xa que certos factores químicos poden ser a causa de enfermidades laborais. Un exemplo concreto de factor químico que pode causar enfermidade laboral é a exposición a compostos canceríxenos. Os carcinóxenos son substancias que se sabe que provocan cancro. Clasifícanse como naturais ou artificiais, mais é crucial ter en conta que mesmo unha pequena cantidade deste tipo de substancias químicas pode danar gravemente a saúde humana.



- **Mutáxenos:** a exposición a este tipo de substancias químicas pode provocar cambios irreversibles ou mutacións no ADN dunha persoa.
- **Teratóxenos:** son substancias químicas que poden causar anomalías no desenvolvemento fisiolóxico ou defectos de nacemento, e que adoitan afectar ás mulleres embarazadas ou aos animais.
- **Reactivas:** son substancias que, en determinadas condicións ou por exposición a outras substancias químicas ou elementos, poden provocar graves riscos físicos como incendios ou explosións.
- **Inflamables:** son substancias químicas ou materiais que poden inflamarse unha vez expostos ao ar e outros elementos.

## 3.- Efectos sobre a saúde dos axentes químicos.

### Clasificación.

Dependendo das súas características, os axentes químicos presentan diferentes perigos, existindo tres grandes grupos: perigos físicos, perigos para a saúde e perigos para o medio ambiente. A continuación indícanse os perigos para a saúde e a súa identificación a través de frases H, segundo o establecido no **Regulamento (CE) Nº 1272/2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas (Regulamento CLP)** e a súa aplicación a través das frases H (Anexo III do Regulamento).

As **indicacións de perigo**, son unhas frases estandarizadas sobre os perigos específicos e codificadas coa letra **H** de *Hazard (risco u perigo)*, seguida de tres números.

Os **consellos de prudencia** que se deben adoptar para manipular o produto químico de forma segura, denomináñanse frases P. Tamén están estandarizadas e codifícanse coa letra **P** seguida de tres números.

### Tóxicos agudos:

A toxicidade aguda refírese para os efectos adversos que se manifestan trala administración por vía

oral ou cutánea dunha soa dose dunha substancia ou mestura, de doses múltiples administradas ao longo de 24 horas, ou como consecuencia dunha exposición por inhalación durante 4 horas.

Existen catro categorías de toxicidade baseadas na toxicidade aguda por vía oral, cutánea ou por inhalación. A categoría 1 é a máis perigosa e a categoría 4 é a menos perigosa.

Estas substancias identifícanse a través das seguintes indicacións de perigo:

+ PERIGOSA				- PERIGOSA
	CATEGORÍA 1	CATEGORÍA 2	CATEGORÍA 3	CATEGORÍA 4
VÍA ORAL	<b>H300: MORTAL NO CASO DE INXESTIÓN</b>	<b>H301: TÓXICO NO CASO DE INXESTIÓN</b>	<b>H302: NOCIVO NO CASO DE INXESTIÓN</b>	
VÍA DÉRMICA	<b>H310: MORTAL NO CASO DE CONTACTO COA PEL</b>	<b>H311: TÓXICO NO CASO DE CONTACTO COA PEL</b>	<b>H312: NOCIVO NO CASO DE CONTACTO COA PEL</b>	
VÍA INHALATORIA	<b>H330: MORTAL NO CASO DE INHALACIÓN</b>	<b>H331: TÓXICO NO CASO DE INHALACIÓN</b>	<b>H332: NOCIVO NO CASO DE INHALACIÓN</b>	

### Corrosivos:

Son substancias que producen a destrucción do tecido cutáneo, isto é, unha necrose visible que atravesa a epiderme e alcanza a derme, como consecuencia dunha exposición á substancia de ensaio de ata 4 horas. As reaccións corrosivas caracterízanse por úlceras, sangrado, éscaras sanguentas e, tras un período de observación de 14 días, por decoloración debida ao branqueo da pel, zonas completas de alopecia e cicatrizes.

Existen 3 subcategorías:

➤ **Subcategoría 1A:** cando as respuestas corresponden a unha exposición de 3 minutos e un período de observación de ata 1 hora, como máximo.

➤ **Subcategoría 1B:** cando as respuestas corresponden a unha exposición de entre 3 minutos e 1 hora e un período de observación de ata 14 días.

➤ **Subcategoría 1C:** cando as respuestas corresponden a exposicións de entre 1 e 4 horas e un período de observación de ata 14 días.

Estas substancias identifícanse a través da indicación de perigo **H314:** Provoca queimaduras graves na pel e lesións oculares graves.

### Irritantes:

Son substancias que producen unha lesión reversible da pel como consecuencia da aplicación dunha substancia de ensaio durante un período de ata 4 horas. Existe unha única categoría de irritación,

denominada Categoría 2, baseada nos resultados de ensaios con animais.

Estas substancias identifícanse a través da indicación de perigo **H315**: Provoca irritación cutánea.

### **Corrosivos oculares:**

Son substancias que producen unha lesión ocular grave, é dicir, un dano nos tecidos do ollo ou unha deterioración física importante da visión, como consecuencia da aplicación dunha substancia de ensaio na superficie anterior do ollo, non completamente reversible nos 21 días seguintes á aplicación.

Estas substancias identifícanse a través da indicación de perigo **H318**: Provoca lesións oculares graves.

### **Irritantes oculares:**

Son substancias que producen alteracións oculares como consecuencia da aplicación dunha substancia de ensaio na superficie anterior do ollo, totalmente reversible nos 21 días seguintes á aplicación.

Estas substancias identifícanse a través da indicación de perigo **H319**: Provoca irritación ocular grave.

### **Sensibilizantes respiratorios:**

Son substancias cuxa inhalación induce hipersensibilidade das vías respiratorias. A sensibilización comprende dúas fases:

- **Primeira fase:** indución dunha memoria inmunitaria específica nun individuo por exposición a un alérxeno.
- **Segunda fase:** desencadeamento, é dicir, a producción dunha resposta, celular ou mediada por anticorpos, trala exposición do individuo sensibilizado a un alérxeno.

Polo xeral, para a sensibilización necesítanse niveis máis baixos para o desencadeamento que para a indución.

Estas substancias identifícanse a través da indicación de perigo **H334**: Pode provocar síntomas de alerxia ou asma ou dificultades respiratorias en caso de inhalación.

#### EFEKTOS SOBRE A SAÚDE DOS AXENTES QUÍMICOS. CLASIFICACIÓN



### **Sensibilizantes cutáneos:**

Son substancias que inducen unha resposta alérgica por contacto coa pel. A sensibilización comprende dúas fases:

- **Primeira fase:** indución dunha memoria inmunitaria específica nun individuo por exposición a un alérxeno.
- **Segunda fase:** desencadeamento, é dicir, a producción dunha resposta, celular ou mediada por anticorpos, trala exposición do individuo sensibilizado a un alérxeno.

Polo xeral, para a sensibilización necesítanse niveis máis baixos para o desencadeamento que para a indución.

Estas substancias identifícanse a través da indicación de perigo **H317**: Pode provocar unha reacción alérgica na pel.

### Canceríxenos (ou carcinóxenos):

Son substancias ou mesturas de substancias que inducen cancro ou aumenta a súa incidencia. As substancias que induciron tumores benignos e malignos en animais de experimentación, en estudos ben feitos, son consideradas tamén supostamente carcinóxenos ou sospeitosos de selo, a menos que existan probas convincentes de que o mecanismo de formación de tumores non sexa relevante para a persoa.

#### Existen 2 categorías:

- ✓ **Categoría 1:** Son substancias que poden provocar cancro. Estas substancias identifícanse a través da indicación de perigo **H350:** Pode provocar cancro.
- ✓ **Categoría 2:** Son substancias susceptibles de provocar cancro. Estas substancias identifícanse a través da indicación de perigo **H351:** Susceptible de provocar cancro.

### Mutáxenos:

Unha mutación é un cambio permanente na cantidade ou na estrutura do material xenético dunha célula.

- Os termos mutaxénico e mutáxeno designan a aqueles axentes que aumentan a frecuencia de mutación nas poboacións celulares, nos organismos, ou en ambos.
- Os termos más xerais xenotóxico e xenotoxicidade refírense aos axentes ou procesos que alteran a estrutura, o contido da información ou a segregación do ADN, incluídos aqueles que orixinan dano no ADN, ben por interferir nos proce-

sos normais de replicación, ou ben por alterar esta de forma non fisiolóxica (temporal). Os resultados dos ensaios de xenotoxicidade adóitanse tomar como indicadores de efectos mutaxénicos.



#### Existen 2 categorías:

- ✓ **Categoría 1:** Substancias das que se sabe ou se considera que inducen mutacións hereditarias nas células xerminais humanas. Estas substancias identifícanse a través da indicación de perigo **H340:** Pode provocar defectos xenéticos.
- ✓ **Categoría 2:** Substancias que son motivo de preocupación porque poden inducir mutacións hereditarias nas células xerminais humanas. Estas substancias identifícanse a través da indicación de perigo **H341:** Sospítase que provoca defectos xenéticos.

### Tóxicos para a reproducción:

A toxicidade para a reproducción inclúe tres tipos de efectos:

- **Os efectos adversos sobre a función sexual e a fertilidade de homes e mulleres adultos.** Son os efectos producidos por substancias que interfieren na función sexual e a fertilidade. Inclúen, fundamentalmente, as alteracións do aparello

reprodutor masculino e feminino, os efectos adversos sobre o comezo da puberdade, a producción e o transporte dos gametos, o desenvolvimento normal do ciclo reprodutor, o comportamento sexual, a fertilidade, o parto, os resultados da xestación, a senescencia reprodutora prematura ou as modificacións doutras funcións que dependen da integridade do aparello reprodutor.

- **Os efectos adversos sobre o desenvolvimento dos/as descendentes.** Inclúe calquera efecto que interfira no desenvolvimento normal do organismo, antes ou despois do nacemento, e que sexa unha consecuencia da exposición dos proxenitores antes da concepción ou da exposición das/os descendentes durante o seu desenvolvimento prenatal ou postnatal ata o momento da madurez sexual. Por tanto, a efectos de clasificación, a toxicidade para o desenvolvimento refírese, fundamentalmente, a aqueles efectos adversos inducidos durante o embarazo ou que resultan da exposición dos proxenitores, polo que está orientada a chamar a atención das mulleres embarazadas e dos homes e mulleres en idade reprodutora. Estes efectos poden manifestarse en calquera momento da vida do organismo. Os principais signos da toxicidade para o desenvolvimento son: a morte do organismo en desenvolvemento, as anomalías estruturais, a alteración do crecimiento e as deficiencias funcionais.

- **Os efectos sobre a lactación.** Non existe información sobre os efectos adversos que, a través da lactación, moitas substancias poden

orixinar nas/os descendentes. Con todo, as substancias que son absorbidas polas mulleres e cuxa interferencia na lactación foi mostrada ou aquelas que poden estar presentes (incluídos os seus metabolitos) no leite materno, en cantidades suficientes para ameazar a saúde de lactantes, inclúense dentro desta categoría de perigo. Estas substancias identifícanse a través da indicación de perigo H362: Pode prexudicar aos nenos/as alimentados con leite materno.



Existen 2 categorías para os dous primeiros efectos descritos:

- ✓ **Categoría 1:** Substancias das que se sabe ou se supón que son tóxicos para a reproducción humana. Estas substancias identifícanse a través da indicación de perigo H360: Pode prexudicar a fertilidade ou danar ao feto.
- ✓ **Categoría 2:** Substancias das que se sospeita que son tóxicos para a reproducción humana. Estas substancias identifícanse a través da indicación de perigo H361: Susceptible de prexudicar a fertilidade ou danar ao feto.

## Tóxicos específicos en determinados órganos (STOT) por exposición única:

Enténdese por toxicidade específica en determinados órganos (por exposición única) a toxicidade non letal que se produce en determinados órganos tras unha única exposición a unha substancia ou mestura. Inclúense todos os efectos significativos para a saúde que poden provocar alteracións funcionais, tanto reversibles como irreversibles, inmediatas e/o retardadas. Pode producirse por calquera vía, principalmente por vía oral, vía cutánea ou vía inhalatoria.


Existen tres categorías:

- ✓ **Categoría 1:** Son substancias que provocan danos en determinados órganos. Estas substancias identifícanse a través da indicación de perigo **H370:** Provoca danos nos órganos.
- ✓ **Categoría 2:** Son substancias que pueden provocar danos en determinados órganos. Estas substancias identifícanse a través da indicación de perigo **H371:** Pode provocar danos nos órganos.
- ✓ **Categoría 3:** Son substancias que pueden irritar as vías respiratorias (nese caso identifícanse pola frase **H335:** Pode irritar as vías respiratorias) ou substancias que pueden provocar somnolencia ou vertixe (nese caso identifícanse pola frase **H336:** Pode provocar somnolencia ou vertixe).

## Tóxicos específicos en determinados órganos (STOT) por exposiciones repetidas:

Enténdese por toxicidade específica en determinados órganos (por exposiciones repetidas), a toxicidade específica que se produce en determinados

### EFEKTOS SOBRE A SAÚDE DOS AXENTES QUÍMICOS. CLASIFICACIÓN



órganos tras unha exposición repetida a unha substancia ou mestura. Inclúense os efectos significativos para a saúde que poden provocar alteracións funcionais, tanto reversibles como irreversibles, inmediatas e/ou retardadas. Pode producirse por calquera vía, principalmente por vía oral, vía cutánea ou vía inhalatoria.

Existen dúas categorías:

- ✓ **Categoría 1:** Son substancias que provocan danos en determinados órganos tras exposiciones prolongadas. Estas substancias identifícanse a través da indicación de perigo **H372:** Prexudica a determinados órganos por exposición prolongada ou repetida.
- ✓ **Categoría 2:** Son substancias que pueden provocar danos en determinados órganos tras exposiciones prolongadas. Estas substancias identifícanse a través da indicación de perigo **H373:** Pode prexudicar a determinados órganos por exposición prolongada ou repetida.

## Perigosos por aspiración:

Por “aspiración” enténdese a entrada dunha substancia ou dunha mestura, líquida ou sólida, directamente pola boca ou o nariz, ou indirectamente por regurxitación, na traquea ou nas vías respiratorias inferiores. Pode entrañar graves efectos agudos tales como pneumonía química, lesións pulmonares más ou menos importantes e mesmo a morte por aspiración. Estas substancias identifícanse a través da indicación de perigo **H304**: Pode ser mortal en caso de inxestión e penetración nas vías respiratorias.

## Alteradores endócrinos:

Son substancias exóxenas ou mesturas que alteran a función do sistema endócrino e en consecuencia ocasionan efectos adversos para a saúde nun organismo intacto, ou a súa proxenie, ou (sub) poboacións. Son substancias respecto das cales existen probas científicas de que teñen posibles efectos graves para a saúde humana ou o medio ambiente, e que suscitan un grao de preocupación equivalente ao que suscitan as substancias carcinóxenas de categorías 1A ou 1B ou as substancias moi persistentes e moi bioacumulables. O efecto adverso causado pode variar dependendo do momento da exposición, así como do equilibrio hormonal da persoa exposta, que depende da idade e sexo entre outros factores.

De seguido procedemos a poñer á vosa disposición un **PDF descargable e imprimible que recolle as frases H de PERIGO e as frase P de PRUDENCIA**, incluídas no Regulamento 1272/2008 para facilitar así a súa consulta.


**CIG**  
 Confederación Intersindical Galega  
 GARNETE TÉCNICO DE SAÚDE LABORAL

**PDF DESCARGABLE**

**LISTADO DE INDICACIONES DE FRASES H (PERIGO) E FRASES P (PRUDENCIA)**

**Segundo Regulamento (CE) nº 1272/2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas (Regulamento CLP)**

As indicacións de perigo e de precaución codifícanse utilizando un código alfanumérico único que consta dunha letra e tres números da seguinte maneira:

- A letra “H” (para “indicación de perigo”) ou “P” (para “indicación de precaución”). Tende en conta que as indicacións de perigo realizadas a través de MSD e DPD, pero que non están incluídas no SGa, están codificadas como «EUH»;
- Un díxito que designa o tipo de perigo, por exemplo, “2” para perigos físicos;
- Dous números correspondentes á numeración secuencial de perigos tales como explosividade (código de 0 a 210), inflamabilidade (códigos de 220 a 230), etc.

As rúas etiquetas tamén deben levar as indicacións de perigo relevantes que se aplican a cada una das partes do perigo da súa substancia ou mestura (Artigo 21 do CLP).

As indicacións de perigo relevantes son as que se aplican a cada parte do perigo, en función da súa naturaleza, en cada una das partes 2 a 5 do Anexo I. Se a substancia ou mestura contiver máis de unha substancia ou mestura, as indicacións de perigo relevantes serán aquelas que se aplican a cada substancia ou mestura individualmente, e non a todo o perigo combinado. Se a substancia ou mestura contiver máis de unha substancia ou mestura, e se a substancia ou mestura individualmente non se considera que sexa perigosa, non se aplicarán as indicacións de perigo relevantes a esta substancia ou mestura, e non se aplicarán as indicacións de precaución do mesmo idioma na etiqueta.

**LISTADO INDICACIONES DE PERIGO “FRASES H”**

H201	Explosivo instable.
H202	Explosivo, perigo de explosión en masa.
H203	Explosivo, grave perigo de propagación.
H204	Perigo de incendio ou de propagación.
H205	Perigo de explosión en masa en caso de incendio.
H220	Gas extremadamente inflamable.
H221	Gas inflamable.
H222	Aerosol extremadamente inflamable.
H223	Aerosol inflamable.
H224	Líquido e vapores extremadamente inflamables.
H225	Líquido e vapores moi inflamables.
H226	Líquidos e vapores inflamables.
H228	Sólido inflamable.
H240	Perigo de explosión en caso de quecemento.
H241	Perigo de incendio ou explosión en caso de quecemento.
H242	Perigo de incendio en caso de quecemento.
H250	Se inflama espontáneamente en contacto co aire.
H251	Quíntase espontáneamente; pode inflamar.
H252	Quíntase espontáneamente en grandes cantidades; pode inflamar.
H260	En contacto coa auga desprnde gases inflamables que poden inflamarse espontáneamente.
H261	En contacto coa auga desprnde gases inflamables.

[www.cigsaudelaboral.org](http://www.cigsaudelaboral.org)

## 4.- Algúns produtos habituais nos lugares de traballo susceptíbeis de xerar risco químico

Aínda que unha gran parte dos produtos que presentan un risco químico son facilmente identificables, algúns deles poden utilizarse a diario sen que as persoas traballadoras teñan coñecemento previo dos seus posibles efectos negativos. Algúns exemplos de produtos químicos perigosos no lugar de traballo que poden ser prexudiciais para a saúde son:

- **Gases:** como o dióxido de carbono, o monóxido de carbono, o cloro, o amoníaco, o dióxido de xofre, o óxido de nitróxeno, entre outros.
- **Líquidos:** como o benceno, o tolueno, o xileno, o tetracloruro de carbono, o tricloroetileno, entre outros.
- **Sólidos:** como o amianto ou a sílice.

Así logo, son susceptíbeis de xerar risco químico, produtos tales como: gasolina, metanol, desinfec- tantes, colas e pegamentos, materiais de limpeza, deterxentes, praguicidas, pinturas, cosméticos, fumes de soldadura, metais pesados como o chumbo, o aluminio ou o mercurio, etc.

## 5.- Como identificar as substancias perigosas.

### Etiquetas e FDS

A información más directa e sinxela para identifi- car as substancias perigosas da nosa empresa atopámola nas etiquetas dos produtos. As subs- tancias perigosas son aquelas que están clasifica- das como tal polo Regulamento europeo CLP ou son xeradas no posto de traballo pola actividade que realizamos. Tal e como expuxemos na primei- ra parte deste artigo, debemos coñecer o signifi- cado dos pictogramas para poder interpretar cor- rectamente a información ofrecida.



Non todas as substancias perigosas se atopen como tal nos produtos que se mercan, se venden ou se utilizan nun proceso produtivo, senón que

tamén poden ser xeradas no proceso de traballo que se realiza, como no corte de madeira, as ope- racións de soldadura, mecanizado de metais, pro- cesado de plásticos, etc.


Tendo en conta que os produtos químicos que utiliza unha persoa traballadora no seu posto de traballo poden ser perigosos, debemos sa- ber que no caso de ser así a lexislación e a normativa vixente obrigan a que o provedor/a do producto químico informe na **etiqueta** dos perigos asociados ao emprego do produto e das medidas de seguridade a adoptar para traballar dunha forma segura.

O contido da etiqueta, a información e como se debe comunicar, está establecido e é igual para todos os Estados membros da Unión Europea. A etiqueta é un primeiro nivel de información destinada ao usuario/a do producto, polo que se trata dunha información concisa, máis clara, de alerta rápida a través de pictogramas e que de- be estar redactada como mínimo nun dos idio- mas oficiais do Estado onde o producto está sen- do utilizado.

### Na etiqueta debe aparecer a seguinte in- formación:

- Identificación do producto, e dicir, o nome químico da substancia ou o nome comercial no caso dunha mestura.
- O nome e identificación da substancia ou substancias que fan que o producto sexa perigo- so e a cantidade ou proporción que contén.
- A identificación do provedor/a do producto

- O tipo de perigo que comporta o producto químico, identícase mediante pictogramas e se describen con maior detalle coas denominadas frases H.
- Os pictogramas son cadrados apoiados nun dos seus vértices, co fondo branco, perfil vermello e os símbolos en negro. Existen nove símbolos diferentes que identifican os perigos de: explosivo, asfixiante, comburente, inflamable, corrosivo, gas a presión, danos á saúde, tóxico agudo, perigo grave para a saúde e perigo para o medio ambiente.
- Figurará a palabra PERIGO ou ATENCIÓN, en función da categoría de perigo.
- As indicacións de perigo, son unas frases estandarizadas sobre os perigos específicos e codificadas coa letra H de Hazard (*risco u perigo*), seguida de tres números.
- Os consellos de prudencia que se deben adoptar para manipular o producto químico de forma segura, denomínanse frases P. Tamén están estandarizadas e codifícanse coa letra P seguida de tres números.



## 6.- PICTOGRAMAS DE PERIGO

	PICTOGRAMA	SÍMBOLO	SIGNIFICADO
<b>PERIGOS FÍSICOS</b>		BOMBONA DE GAS	GAS A PRESIÓN NUN RECIPIENTE: Algunos pueden explotar con calor: son gases comprimidos, licuados o disueltos. Los licuados refrescados pueden producir quemaduras o heridas relacionadas con frío (crioxénicas).
		BOMBA EXPLOTANDO	EXPLOSIVO: Estos productos pueden explotar por efecto del calor, choques, fricción o contacto con una llama, fósforo, electricidad estática, etc.
		LAMA SOBRE UN CÍRCULO	COMBURENTE: Pueden provocar o agravar un incendio o una explosión en presencia de productos combustibles. Son productos combustibles.
		LAMA	INFLAMABLE: Estos productos pueden encenderse al contacto con una fuente de ignición (llama, fósforo, electricidad estática ...) por calor o fricción, al contacto con el aire, agua o se liberan gases inflamables.
<b>PERIGOS PARA A SAÚDE</b>		CORROSIÓN	CORROSIVO: Pueden atacar o destruir metales.
		CORROSIÓN	CORROSIVO: Pueden causar daños irreversibles en los ojos o en la piel en caso de contacto o exposición.
		SÍMBOLO DE EXCLAMACIÓN	PERIGO PARA A SAÚDE: Producen efectos adversos en dosis altas. Pueden producir también irritación en los ojos, nariz, garganta, piel e provocar alergias cutáneas, vértigo e somnolencia.
		CALAVERA E TIBIAS CRUZADAS	TOXICIDADE AGUDA: Producen efectos adversos para la salud incluso en pequeñas dosis. Pueden provocar náuseas, vómitos, dolores de cabeza, pérdida de conocimiento e incluso muerte.
<b>PERIGOS PARA O MEDIO AMBIENTE</b>		PERIGO PARA A SAÚDE	PERIGO GRAVE PARA A SAÚDE: Productos cancerígenos -provocando cáncer-, productos mutágenos -que pueden modificar el ADN y provocar daños a la persona expuesta o a su descendencia-, productos tóxicos para la reproducción -pueden producir efectos perjudiciales en las funciones sexuales, perjudicar la fertilidad o provocar la muerte del feto o producir malformaciones-, productos que pueden modificar o funcionamiento de ciertos órganos, como el hígado, el sistema nervioso ..., productos que pueden entrañar graves efectos sobre los pulmones o productos que pueden provocar alergias respiratorias.
		MEDIO AMBIENTE	PERIGO PARA O MEDIO AMBIENTE: Provocan efectos perjudiciales para los organismos acuáticos (pescados, crustáceos, algas ... ).

[PDF DESCARGABLE](#)

## Fichas de datos de seguridade (FDS)

Un segundo nivel de información ofrécese nas Fichas de Datos de Seguridade (FDS), que imos ver más exhaustivamente no seguinte apartado. A información que conteñen é más abundante e de nivel máis técnico, sendo os seus destinatarios/as principais, responsábeis de prevención de empresas, técnicos/as de prevención de riscos laborais e delegados/as de prevención. As FDS deberán estar en todo momento ao dispor das persoas traballadoras para a súa consulta, aínda que na maioría dos casos, as consultas realizanse a través do Comité de Seguridade e Saúde.

O contido das FDS, como acontece coas etiquetas, está establecido por Lei na Unión Europea e consta de 16 apartados que veremos a continuación. Nelas infórmase entre outras cuestiós, sobre os usos e os escenarios seguros de manipulación do producto químico, especificando as medidas de prevención a adoptar.



## Consellos operativos para as persoas traballadoras

Todas as persoas traballadoras que manipulen e operen produtos ou axentes químicos deberán cando menos:

Ler atentamente a etiqueta dos produtos químicos que utilizan no seu posto de traballo e seguir as advertencias e/ou consellos de prudencia que nelas aparecen.

Non transvasar nin traballar con produtos químicos transvasados dos seus envases orixinais, xa que en todo momento os produtos químicos deben dispoñer da correspondente e correcta etiqueta no seu envase.

## AVALIACIÓN DA EXPOSICIÓN A AXENTES QUÍMICOS: IDENTIFICACIÓN DOS PERIGOS

### 7.- Ficha de datos de seguridade

A primeira fase da avaliación de riscos é a identificación dos perigos. O principal obxectivo desta fase é identificar todos os axentes químicos presentes no lugar de traballo, para avaliar posteriormente o perigo de cada un deles.

No caso de substancias ou mesturas clasificadas como perigosas, esta información está recollida na Ficha de Datos de Seguridade (FDS) do axente químico en cuestión. Esta Ficha de Datos de Seguridade debe ser facilitada polo provedor/a da substancia ou mestura, nun idioma oficial do Estado no que se comercialice a substancia ou mestura. Debe ser facilitada de maneira gratuita, en papel ou por vía electrónica, debendo actualizarse en caso necesario. Recolle os seguintes epígrafes:

## Contido e elementos formais dunha FDS segundo o Regulamento 2020/878

**SECCIÓN 1.** Identificación da substancia ou a mestura e da sociedade ou a empresa.

**1.1.** Identificador de produto.

**1.2.** Usos pertinentes identificados da substancia ou da mestura e usos desaconsellados.

**1.3.** Datos do provedor/a da ficha de datos de seguridade.

**1.4.** Teléfono de emerxencia.

### **SECCIÓN 2. Identificación dos perigos.**

**2.1.** Clasificación da substancia ou da mestura.

**2.2.** Elementos da etiqueta.

**2.3.** Outros perigos.

### **SECCIÓN 3. Composición/información sobre os compoñentes.**

**3.1.** Substancias.

**3.2.** Mesturas.

### **SECCIÓN 4. Primeiros auxilios.**

**4.1.** Descripción dos primeiros auxilios.

**4.2.** Principais síntomas e efectos, agudos e retardados.

**4.3.** Indicación de toda atención médica e dos tratamentos especiais que deban dispensarse inmediatamente.

### **SECCIÓN 5. Medidas de loita contra incendios.**

**5.1.** Medios de extinción.

**5.2.** Perigos específicos derivados da substancia ou a mestura.

**5.3.** Recomendacións para o persoal de loita contra incendios.



**SECCIÓN 6. Medidas en caso de vertedura accidental.**

**6.1.** Precaucións persoais, equipo de protección e procedementos de emerxencia.

**6.2.** Precaucións relativas ao medio ambiente.

**6.3.** Métodos e material de contención e de limpeza.

**6.4.** Referencia a outras seccións.

### **SECCIÓN 7. Manipulación e almacenamento.**

**7.1.** Precaucións para unha manipulación segura.

**7.2.** Condicións de almacenamento seguro, incluídas posibles incompatibilidades.

**7.3.** Usos específicos finais.

### **SECCIÓN 8. Controis de exposición/protección individual.**

**8.1.** Parámetros de control.

**8.2.** Controis da exposición.

### **SECCIÓN 9. Propiedades físicas e químicas.**

**9.1.** Información sobre propiedades físicas e químicas básicas.

**9.2.** Outros datos.

### **SECCIÓN 10. Estabilidade e reactividade.**

**10.1.** Reactividade.

**10.2.** Estabilidade química.

**10.3.** Posibilidade de reaccións perigosas.

**10.4.** Condicións que deben evitarse.

**10.5.** Materiais incompatibles.

**10.6.** Produtos de descomposición perigosos.

#### **SECCIÓN 11. Información toxicolóxica.**

**11.1.** Información sobre as clases de perigo definidas no Regulamento (CE) nº 1272/2008.

**11.2.** Información relativa a outros perigos.

#### **SECCIÓN 12. Información ecolólica.**

**12.1.** Toxicidade.

**12.2.** Persistencia e degradabilidade.

**12.3.** Potencial de bioacumulación.

**12.4.** Mobilidade no chan.

**12.5.** Resultados da valoración PBT (persistente, bioacumulable e tóxica) e mPmB (moi persistente e moi bioacumulable).

**12.6.** Propiedades de alteración endócrina.

**12.7.** Outros efectos adversos.

#### **SECCIÓN 13. Consideracións relativas á eliminación.**

**13.1.** Métodos para o tratamento de residuos.

#### **SECCIÓN 14. Información relativa ao transporte.**

**14.1.** Números ONU ou ID (Números de identificación de catro díxitos para o transporte das substancias químicas perigosas).

**14.2.** Designación oficial de transporte das Nacións Unidas.

**14.3.** Clase(s) de perigo para o transporte.

**14.4.** Grupo de embalaxe.

**14.5.** Perigos para o medio ambiente.

**14.6.** Precaucións particulares para os usuarios.

**14.7.** Transporte marítimo a granel conforme os instrumentos da OMI (Organización Marítima Internacional).

#### **SECCIÓN 15. Información regulamentaria.**

**15.1.** Regulamentación e lexislación en materia de seguridade, saúde e medio ambiente específicas para a substancia ou a mestura.

**15.2.** Avaliación da seguridade química.

#### **SECCIÓN 16. Outra información.**



#### **Aclaracións sobre as FDS**

- A ficha de datos de seguridade non debe conter subseccións en branco e debe indicarse claramente se non se utilizan datos específicos ou non se dispón de datos.
- O compilador da ficha de datos de seguridade poderá indicar outras subseccións, sempre que non conteñan información contraditoria con outras seccións da ficha de datos de seguridade.
- Unha ficha de datos de seguridade non é un documento de extensión fixa, senón que a súa extensión debe ser proporcional aos perigos da substancia ou mestura e á información disponible, formulando a información de maneira clara e concisa.
- A linguaxe utilizada na ficha de datos de seguridade será sinxela, clara e precisa, evitando xergas, siglas e abreviaturas. Non se utilizarán declaracións que indiquen que a substancia ou mestura non é perigosa (tales como «pode ser perigosa», «inofensiva», «non ten efectos sobre a saúde») ou calquera outra declaración

que sexa incompatible coa clasificación dessa substancia ou mestura.

- Todas as páxinas dunha ficha de datos de seguridade deberán estar numeradas e levarán unha indicación da lonxitude da ficha de datos de seguridade (como «páxina 1 de 3») ou unha indicación de se hai unha páxina seguinte (como «Continúa en páxina seguinte» ou «Fin da ficha de datos de seguridade»).
- A ficha de datos de seguridade será elaborada por unha persoa competente que terá en conta as necesidades específicas e os coñecementos dos usuarios/as, na medida en que os coñeza. Nalgúns casos, isto pode significar o traballo de máis dunha persoa, xa que a creación dunha ficha de datos de seguridade require unha ampla gama de coñecementos.
- A ficha de datos de seguridade entregaráse gratuitamente, en papel ou en formato electrónico, como moi tarde no momento en que se entregue por primeira vez a substancia ou a mestura.
- A ficha de datos de seguridade debe estar garantida na lingua ou linguas oficiais dos Estados membros nos que se comercializa a substancia ou mestura, a menos que os Estados membros interesados dispoñan o contrario.

## **8.- Outras fontes de información**

No caso de non dispoñer da Ficha de Datos de Seguridade nin da etiqueta do produto, pódese consultar [a base de datos do catálogo de clasificación e etiquetado da Axencia Europea de Substancias e Mesturas Químicas \(ECHA\)](#). Contén a lista de

substancias con clasificación e etiquetaxe harmonizado na Unión Europea do anexo VI do Regulamento (CE) Nº 1272/2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas (Regulamento CLP), de acordo con o Sistema Globalmente Harmonizado (SGA), GHS nas súas siglas en inglés.



Pode obterse máis información de ECHA nos seguintes documentos:

- [Tríptico xeral da ECHA](#)
- [Tríptico servizos da ECHA](#)

Outras bases de datos das que se pode obter información sobre o perigo das substancias son:

- [Calculador “RISKQUIM versión 6.0”](#). Permite obter a clasificación e a etiquetaxe dos produtos químicos (substancias e mesturas) xerados polo propio usuario/a. Xera unha “proposta de etiquetaxe” para o producto, de acordo aos criterios establecidos polo Regulamento (CE) Nº 1272/2008 sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas (Regulamento CLP), en base á súa composición (datos das súas substancias, harmonizadas ou autoclasificadas) e os seus posibles usos. Tamén permite consultar a lista de substancias con clasificación e etiquetaxe harmonizado na Unión Europea do anexo VI do Regulamento CLP.

➤ **Base de datos “GESTIS - Substance Database”.**

É unha base de datos alemá (Institut für Arbeitsschutz der Deutschen Gesetzlichen Unfallversicherung, IFA) contén gran cantidad de información sobre substancias químicas: identificación da propiedades físicas e químicas, vías de exposición, efectos tóxicos, primeiros auxilios, manipulación e almacenamentos seguros, clasificación e etiquetaxe segundo o Regulamento (CE) Nº 1272/2008 sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas (Regulamento CLP).

➤ **Base de datos “Fichas Internacionais de Seguridade Química (FISQ)”:**

As Fichas Internacionais de Seguridade Química (en inglés International Chemical Safety Cards, ICSC) son follas informativas que recompilan de forma clara e concisa a información esencial en materia de seguridade e saúde na utilización de produtos químicos. O seu obxectivo é promover o uso seguro dos produtos químicos no lugar de trabalho. O proxecto é unha actividade conjunta da Organización Mundial da Saúde (OMS) e a Oficina Internacional do Traballo (OIT), coa cooperación da Comisión Europea. Son elaboradas en inglés, e as institucións nacionais tradúcenlas a diferentes idiomas. No Estado español, a institución encargada da tradución é o Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST).

➤ **Base de datos DEMETER:**

Son documentos para a avaliación médica de produtos tóxicos para a reproducción. As fichas están destinadas en particular aos médicos do traballo, e teñen como

obxectivo proporcionar apoio para a avaliación dos riscos reprodutivos (tanto de homes como de mulleres) relacionados con produtos químicos asociados aos produtos químicos. Permiten ao médico avaliar o risco de exposición en función do seu tempo de aparición (antes da concepción, durante embarazo ou lactación) e proporcionar suxestións para o comportamento futuro.



## 9.- 0 Control dos riscos

Unha vez identificados as empresas terán que decidir como xestionar ou controlar os riscos. A abordaxe dos riscos químicos nos lugares de traballo debe seguir o principio da xerarquía de controis. Este concepto dá a orde ou nivel de como se pode controlar potencialmente cada risco específico. Este é a orde da xerarquía e as súas definicións básicas:

- 1. Eliminación:** eliminar totalmente e deixar de utilizar os produtos químicos perigosos.
- 2. Substitución:** buscar alternativas ou substituí-las por outras substancias químicas menos perigosas.

3. **Controis de enxeñería:** aplicar cambios no proceso, como minimizar o contacto cos produtos químicos ou separar fisicamente ás persoas deles.
4. **Controis administrativos:** aplicar cambios na forma de traballar das persoas, como a rotación dos seus horarios ou a reorganización das asignacións de traballo.
5. **Equipo de protección persoal (EPP):** se non se poden evitar as substancias químicas perigosas, ou as empresas non poden reducir o contacto que as persoas empregados teñen con elas, hai que garantir o uso de EPP eficientes para diminuir a exposición e os factores de risco.

## **10.- Boas prácticas de seguridade química: consellos xerais básicos.**

A sobreexposición a substancias químicas pode causar danos agudos ou crónicos na saúde. Siga estes consellos xerais básicos para protexerse dos perigos químicos.

- Asegúrese de que os contedores de produtos químicos estean claramente etiquetados.
- Inspeccione os contedores en busca de fugas ou danos.
- Manteña os contedores ben pechados cando non se usen.
- Na medida do posible, minimice a súa exposición a unha substancia química.
- Lea a etiqueta e siga as instrucións con atención.

- Asegúrese de que o equipo de emerxencia estea dispoñible.
- Asegure unha ventilación adecuada.
- Use equipo de protección individual (EPI) adecuado.
- Capacitación adecuada para o manexo de produtos químicos.
- Estea ao tanto de posibles síntomas de saúde.
- Teña en conta os procedementos de primeiros auxilios.
- Non devolva o material contaminado ou sen usar ao recipiente orixinal.
- Utilice as ferramentas adecuadas para abrir os contedores de produtos químicos para evitar derrames.
- Ao verter substancias químicas, manipúleas con coidado para evitar salpicaduras e chorros.
- Manteña limpia a zona de traballo.

### **Fontes:**

- ✓ [Axencia Europea de Seguridade e Saúde no Traballo \(EU-OSHA\)](#)
- ✓ [Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo \(INSST\)](#)
- ✓ [Axencia Europea de Substancias e Mesturas Químicas \(ECHA\)](#)
- ✓ [Risco químico: Guía básica de productos. GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL DE SAÚDE LABORAL-CIG](#)
- ✓ [Risco químico: Guía básica de información e sensibilización. GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL DE SAÚDE LABORAL-CIG](#)


# Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral da CIG.

## Síntese de actividade 2023

O trabalho do Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral no ano 2023 centrouse nas liñas de actuación que veñen sendo habituais nos últimos anos: formación, asesoramento e sensibilización en materia de prevención de riscos laborais e saúde laboral. A programación de actividades de **formación en materia de prevención de riscos laborais** acolleu actividades nos formatos presencial e de teleformación. A planificación de actividades realizouse tentando atender aos intereses e necesidades das persoas traballadoras, explicitadas polas estruturas da CIG, tanto federativas como de ámbito comarcal ou local.

Como complemento a estas actividades, e tendo en consideración a elevada demanda observada no ano anterior, continuamos a ofertar cursos de marcado carácter preventivo en modalidade de teleformación: prevención de riscos laborais no marco da acción sindical, dereitos, obrigas e responsabilidades en prevención de riscos laborais, a protección da saúde e a mellora das condicións de traballo, adaptación de postos, a organización da prevención: figuras preventivas ou o tratamento a nivel preventivo dos grupos de persoas traballadoras de especial protección.

En total programamos e executamos **83 actividades formativas**, das que **46 foron en modalidade presencial e 37 en modalidade de teleformación**, recibíndose **10.327 solicitudes de participación** no conxunto dos cursos ofertados (1.113 modalidade presencial e 9.214 en teleformación).



En **modalidade presencial** formalizaron a súa inscrición 1.108 persoas, das que 1.019 acadaron



a cualificación de aptas; non se presentaron ou non remataron 89 persoas; agradecer o intenso trabalho que realizaron as compañeiras e compañeiros das estruturas que promoveron as actividades en formato presencial, confirmando asistencias unha e outra vez, sabedores dos problemas de concorrencia que podía ter a formación presencial: esquecemento de datas, falta de planificación do tempo para asistir aos cursos, fuga de alumnado cara outras modalidades de formación que permiten unha mellor conciliación (pola adaptación horaria ás necesidades da persoa) e aforro de custos (evitando desprazamentos).

Para considerar os datos de matrícula nos cursos que se executaron en **modalidade de teleformación** é preciso ter en consideración que debido á limitación de prazas nesta modalidade, non foi posible atender a alta demanda. A pesares de: non contar cun número de prazas suficiente para atender todas **ás solicitudes, que se incrementaron un 58,88%** en relación ás recibidas o ano anterior, da falta de destrezas dixitais de parte dos destinatarios/as da formación, e da non realización dos trámites de inscrición telemática nos prazos habilitados (na maior parte dos casos por

non ter revisado o correo electrónico, método empleado para o envío de contrasinais de acceso), **tramitáronse 4.110 matrículas en cursos de teleformación, un 13,8 % más que no ano 2022**, das que **acadaron a cualificación de aptas 3.845 persoas, un 21,2 % más que no anterior exercicio.**



Das **46 actividades formativas programadas e realizadas en modalidade presencial**, 5 foron

Cursos Básicos de prevención de riscos laborais de 60 horas, nos que se matricularon 102 persoas, das que cualificaron como aptas 92; nas 10 xornadas de sensibilización matriculáronse 239 persoas, das que 229 cualificaron como aptas; nos 31 cursos de formación sectorial matriculáronse 767 persoas, cualificando como aptas 698.




Dos de 37 cursos realizados en modalidade de teleformación, realizáronse 4 Cursos Básicos de prevención de riscos laborais de 60 horas, nos que se matricularon 457 persoas das que cualificaron como aptas 411; 7 cursos monográficos de carácter intersectorial, nos que se matricularon 956 persoas das que 885 cualificaron como aptas (neste epígrafe está incluído o curso dirixido a

delegadas e delegados de Prevención de riscos laborais no marco da acción sindical (20 horas) (no que se matricularon 140 persoas cualificando como aptas 126); 26 cursos monográficos de carácter sectorial, específicos para aos sectores de saúde, industria e servizos, nos que se matricularon 2.697 persoas cualificando como aptas 2.538 persoas.



Das persoas que remataron a formación ofertada no ano 2023, en torno ao **25,89 % foron homes** e o **74,11% mulleres**, porcentaxes similares a anos anteriores. Se retrocedemos no tempo, obsérvase que a modalidade da formación non ten unha gran repercusión na porcentaxe de participación homes/mulleres. No gráfico amósanse as porcentaxes de participación no 2019, no que toda a formación foi presencial; ano 2020, no que houbo inicialmente formación presencial e na última parte do ano teleformación; ano 2021, onde só se executou formación en modalidade de teleformación; anos 2022 e 2023, no que coexistiron ao longo de todo o período de execución formación presencial e teleformación. A revisión dos números de participación, amosa un incremento do conxunto de mulleres que participan en actividades en modalidade de teleformación; este incremento parece estar relacionado coas posibilidades de conciliación e achegamento da formación a lugares nos que non é habitual que se teña acceso a formación presencial (segundo os comentarios das enquisas de satisfacción dispoñibles para o alumnado dos cursos de teleformación).




**A procedencia do alumnado.** En formación presencial realizáronse 9 actividades de formación e/ou sensibilización en Compostela, 8 en A Coruña, 7 en Vigo, 7 en Ferrol, 5 en Burela, 2 en Lugo, 2 en Ribeira, 2 en Pontevedra, 1 en As Pontes, 1 en Carballo, 1 en Ourense, 1 en Vilagarcía.




*Alumnado en modalidade presencial: número de actividades realizadas, persoas matriculadas e persoas que acadaron a cualificación de aptas.*

**Dos datos aportados da procedencia das solicitudes de inscrición da formación en modalidade de teleformación** observamos, igual que o ano anterior, a deslocalización da matrícula, chegando boa parte do alumnado de pequenas localidades, Alfoz, A Gudiña, Sigrás, Moraña, Ceredo, Bueu, Sada, Carral, Guitiriz, Baños de Molgas ..., nas que non é habitual realizar formación presencial, polo difícil que é contar cun grupo de persoas que faga viable este tipo de formación.




Os datos de procedencia do alumnado que solicitou e foi admitido na formación, poden verse no seguinte quadro; os datos, consignados na solicitude de acceso á formación, están agrupados atendendo a Estrutura comarcal e local da CIG.




**Por segunda vez, ofertouse directamente á nosa afiliación un número limitado de cursos** (7 cursos de carácter intersectorial sobre temas específicos relacionados coa prevención de riscos laborais e 2 cursos sectoriais); a inscrición foi realizada directamente pola persoa interesada a través dun formulario web; en case todos estes cursos foi preciso realizar unha selección, dado que as solicitudes superaron amplamente o número de prazas dispoñibles; a fin de compensar as posibles caídas na matriculación, en todos os cursos aceptouse un número de persoas con derecho a matrícula inicialmente superior ás prazas dispoñibles.

## Cursos con inscripción directa afiliación



Agradecer un ano máis o esforzo de compañeiras e compañeiros de distintas estruturas da CIG que traballaron na xestión do alumnado e ás persoas que participaron como docen-

tes e titoras; grazas a todas elas, a formación en prevención de riscos laborais obtivo resultados positivos e acreditación para 4864 traballadoras e traballadores.



Nota.- A execución foi presencial entre os anos 1999 e 2019; no ano 2020 modalidade presencial ata o inicio da pandemia asociada ao covid-19, teleformación logo do inicio da pandemia; 2021,unicamente teleformación; 2022 e 2023 coexistencia de formación presencial e teleformación.

The screenshot shows the homepage of the website. At the top, there are icons for a shield, a padlock, and a globe, followed by the URL [www.cigsaudelaboral.org/Seccions/Portada/Asesoramento\\_técnico](http://www.cigsaudelaboral.org/Seccions/Portada/Asesoramento_técnico). Below the header, there is a navigation menu with links to Portada, Gabinete, Recursos Técnicos, Igualdade, Medio ambiente, and Contacto. The main banner features two blue stick figures sitting at a desk with speech bubbles containing the word 'ONLINE'. To the right of the figures is a circular logo with the text 'ASESORAMIENTO TÉCNICO' and 'ONLINE'. Below the banner, the text 'Asesoramiento técnico' is displayed in large blue letters. A message in Spanish encourages users to send their consultation to the online technical advice service.


Dende aquí podes enviar a túa consulta ao servizo de asesoramento técnico on line do Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral da CIG. Por favor, cumprimenta o seguinte cuestionario e nos poñeremos en contacto contigo á maior brevidade. Ten en conta que os campos marcados con asterisco son obligatorios.

**Asesoramiento Online**      **Asesoramiento Presencial**

Outra das actividades de actuación prioritaria do Gabinete, é a prestación dos **servizos de asistencia técnica e asesoramento en materia de prevención de riscos laborais e saúde laboral** a delegados/as da CIG, Comités de Seguridade e Saúde e persoas traballadoras en xeral. O acceso fundamental a este servizo continuou a ser a través do contacto directo cos técnicos e técnicas nas oficinas dende as que asisten a todo o territorio, de forma presencial, telefónica ou a través do correo electrónico, así como da asistencia “online” accesible dende o botón “[Asesoramento Técnico](#)” ubicado na portada da nosa web [www.cigsaudelaboral.org](http://www.cigsaudelaboral.org) (báner central e botón específico adicado ao asesoramento técnico).

Atendendo á tipoloxía do asesoramento, son maioritarios os casos relacionados coa solicitude de información sobre diversos temas (riscos específicos, revisións de avaliaciós, atención das mutuas, reclamacións ao INSS por desconformi-


dade coa alta, determinación de continxencias, covid-19, ...), requirindo aproximadamente nun 50,4% dos casos atendidos, a elaboración de documentación por parte dos nosos técnicos e técnicas; do total das consultas, ao redor dun 4,92% derivaron en visita a empresa ou a Inspección de Traballo.




Ao longo do ano 2023 recibíronse consultas de todos os sectores de actividade predominando

aquellos relacionados, como vén sendo habitual, cos sectores de servizos e industria.

### Asesoramentos por sector de actividade (%)



### ASESORAMENTOS ATENDENDO Á TEMÁTICA DA CONSULTA (%)



Destacar o labor que técnicas e técnicos do Gabinete realizan como asesoras e asesores dos nosos delegados/as nos Comités de Seguridade e Saúde, na interpretación e explicación de documentación relativa á PRL nas súas

empresas, elaboración de escritos, denuncias ante a Inspección de Traballo e Seguridade Social, ou ante Organismos como ITSS ou ISSGA, acompañando aos nosos/as delegados/as nas súas tarefas.

No momento de realizar este informe aínda non está pechado o número de asesoramentos realizados; si podemos adiantar que o número de asesoramentos acreditados mediante unha ficha de datos de actividade, estará en torno aos 873; o número de asesoramentos acreditados é inferior ao número real de asesoramentos, debido a que non se realiza volcado en ficha de datos de actividade das consultas con resposta inmediata que non requieren un traballo de busca e/ou estudo de información aportada pola persoa solicitante, elaboración de documentación ou visita a empresa, ITSS e outros.



As solicitudes de consulta chegaron aos nosos/as técnicos/as fundamentalmente por dúas vías: por medio de liberados de Federacións e Comarcas que achegan o servizo aos potenciais usuarios/as ou directamente por parte de delegados/as e traballadores/as en xeral que ou ben xa coñecen por experiencia propia o Gabinete ou que acoden a el por indicación de terceiros. Aínda que están establecidas e se empregan canles alternativas a través das cales realizar os asesoramentos, (botón de “[Asesoramento técnico](#)” da nosa web que permite realizar a consulta en calquera momento a través do envío dun formulario, correo electrónico e teléfono, solicitude de cita presen-

cial accesible dende o espazo de asesoramento da web), o contacto directo e presencial adoita ser o xeito usual de recepción das consultas.


Para finalizar esta pequena síntese do que foi o ano 2023, temos que repasar as actividades que o Gabinete desenvolve de cara á **difusión e información en materia de PRL**. Para este fin, continuamos a traballar no mantemento e actualización da plataforma web [www.cigsaudelaboral.org](http://www.cigsaudelaboral.org), coa revisión e incorporación diaria de contidos lexislativos, documentos técnicos e de difusión propios e de fontes e organismos especializados (ISSGA, INSS, Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo, OIT, OMS, OSALAN, ...), datos estatísticos (inclúe datos actualizados de sinistralidade galegos e estatais, documentos, estudos, informes e artigos de opinión), recursos dixitais (portais, APPs, bases de datos), e temáticas específicas como risco químico, amianto ou coronavirus (amplio repositorio de información clasificada e actualizada, creado nos primeiros días do mes de febreiro de 2020, que permite a consulta de datos, lexislación e publicacións sobre este particular).

A **publicación periódica Boletín CIG Saúde Laboral** chega con este ao número 48. No ano 2023 publicáronse 5 números, nos que se presentaron e analizaron temas de actualidade preventiva e social, compaxinando o formato de Boletín CIG Saúde Laboral habitual, no que se inclúen varios artigos sobre cuestións seleccionadas polo seu interese, cun novo formato monográfico no que se abordaron en profundidade “Os riscos inherentes á implantación da Intelixencia Artificial nos centros de traballo” e “A sinalización se

seguridade e saúde nos centros de traballo". Neste ano 2023, comezou a súa andaina o Boletín CIG Saúde Laboral. Monográfico Sector, do

que xa están publicados os dous primeiros boletíns un dirixido ao sector da construcción e outro ao sector da sanidade.

## Síntese de actividade



### Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral - CIG



2023

#### formación en prl

- como ferramenta para a integración da prl nas empresas
- específica para delegados/as de prevención

#### asesoramiento técnico prl

- puntos de asesoramento
- asesoramiento técnico on line

#### información e sensibilización

- [www.cigsaudelaboral.org](http://www.cigsaudelaboral.org)
- Boletín CIG Saúde Laboral

Edita: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral. [www.cigsaudelaboral.org](http://www.cigsaudelaboral.org)



Gabinete Técnico Confederal de  
Saúde Laboral. Ferrol.  
Rúa Eduardo Pondal 41/43, entrechán  
15403 Ferrol  
Tlf: 981 359 449. Fax: 981 359 449  
[saudelaboral@galizacig.net](mailto:saudelaboral@galizacig.net)

